



A CIG solidarízase cos cidadáns/ás vascos/as detidos/as por orde da Audiencia Nacional española

CIG :: 16/01/2015

La CIG, central sindical galega, se solidariza con LAB Sindikatua y los ciudadan@s vasc@s detenidos por orden de la Audiencia Nacional española

A CIG, a través da Executiva Confederal, vén de solidarizarse cos 16 cidadáns/ás vascos/as detidos/as este luns por orde da Audiencia Nacional española e reclama a súa inmediata posta en liberdade. Dende a central nacionalista galega condenan tamén o asalto á sede do sindicato LAB por parte da Garda Civil e consideran que a operación xudicial ten un claro contido político e supón un novo obstáculo para o proceso de paz entre Euskal Herria e o Estado español.

A Confederación Intersindical Galega (CIG) amosa a súa solidariedade cos cidadáns/as detidos/as e coas súas familias e denuncia que esta nova operación represiva contra o independentismo vasco vulnera dereitos fundamentais individuais e colectivos, ademais de atentar contra principios básicos que deberan ser inalienábeis nos chamados Estados de dereito.

Ao mesmo tempo, condenan o asalto perpetrado pola Garda Civil contra a sede do sindicato LAB e os danos causados no interior do inmovible durante o rexistro no que axentes do corpo militar se incautaron dos cartos recaudados na manifestación en defensa dos dereitos das persoas presas celebrada o sábado en Bilbo.

Dende a central nacionalista entenden que este tipo de actuacións constatan o interese dos sectores máis conservadores do ámbito político e xudicial por dificultar e boicotear o camiño escollido democraticamente pola sociedade vasca para darlle unha solución ao conflito armado e lograr a pacificación e a normalización da vida política e social na súa nación.

<https://galiza.lahaine.org/a-cig-solidarizase-cos-cidadans>